CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

DECRETO DE CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

No uso das atribucións conferidas a esta alcaldía, en base ao artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local; artigo 61.1.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; artigo 47 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convócaselle á **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DA CORPORACIÓN,** que se celebrará na Casa da Cultura, **ás 20:00 horas, do día xoves 26 de setembro de 2024**, en Primeira convocatoria, e dous días despois á mesma hora, en segunda convocatoria, segundo o disposto no artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Ao mesmo tempo lémbraselle a vostede a obriga de asistir, de conformidade co disposto no artigo 78.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local e artigo 228 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A partir desta data, ten vostede á súa disposición na Secretaría do Concello, os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día que se lle detalla de seguido:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES
2. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE D. MIGUEL ÁNGEL NOGUEIRA CANLE
3. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 853/2024 POLA QUE SE APROBA O PROXECTO MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO DE MARXES DA ESTRADA ENTRE MIODELO E SAN FIZ DE VIXOI ATA A CP-0801. T.M. DE BERGONDO (A CORUÑA), INCLUÍDO NO POS + ADICIONAL 2/2023. EXPEDIENTE: 2022/A008/000041
4. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 917/2024 RELATIVA AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS + 2024. APROBACIÓN DO PROXECTO CORRIXIDO DE MELLORA DO CENTRO CÍVICO DE SAN XOAN. EXPEDIENTE: 2023/A008/000037
5. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE BERGONDO. EXPEDIENTE 2024/G013/000001
6. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE BERGONDO
7. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES
8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DO SECTOR DA PANADERÍA, REPOSTERÍA E CONFITERÍA DO MUNICIPIO
9. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA
10. ASUNTOS URXENTES
11. ROGOS E PREGUNTAS

Bergondo, luns 23 de setembro de 2024

A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: o3kqizfqzaPo7/8wD2sp
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.